




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: San Xulián de Malpica de Bergantiños. Extensión: 1,09 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade irregular e complexa, tanto no debuxo da liña de costa como nas súas ladeiras continentais. Trátase dunha costa recortada e afectada por liñas de debilidade tectónica, así como de varios tipos de rocha. Iso explica a existencia dunha península, dunha enseada areenta e dun grande dinamismo nos seus acantilados. Cara ao interior, aparecen diferentes perfís e planos que dan un aspecto irregular á unidade dentro da homoxeneidade. Un acantilado vertical dá paso a unha ladeira de pendente regular e elevada. Esta vólvese convexa en Pedras Queimadas para realizar a primeira inflexión ou chanzo. Tras esta planicie, debida a liñas de debilidade paralelas á costa, dá paso a unha nova vertente de pendente variable que remata nas cimas que cerran a unidade. Nos extremos, dúas valgadas enlazan directamente a liña de costa co peche. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Malpica.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade modélase en ortogneises, que ocupan a parte centro-oriental e oriental. A parte occidental compóñena xistos e gneises albiticos do Dominio da Foa Blastomilonítica, de idade precámbrico-silúrica. Dúas estreitas bandas de ortoanfibolitas percorren a unidade en orientación NNE-SSO a ambos os lados da vila de Malpica.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 14° C e amplitude térmica entre 12,5° C e 13,5° C. As precipitacións acumuladas durante o ano sitúanse entre 1200 mm e 1400 mm na maior parte da unidade, polo que pertence ao dominio climático Cálido e Húmido. Non obstante, o sector occidental, arredor da Praia de Area Maior e a súa vertente continental, recibe menos pluviosidade. Isto define un dominio subhúmido con valores máximos de 1200 mm de precipitación anual.

#### OS SOLOS

A parte sudeste, en ámbito xistoso, presenta fluvisol háptico, mentres que o resto da unidade sobre ortogneises desenvolve un umbrisol dístico.


#### AS AUGAS

A rede fluvial formou dous pequenos vales a ambos os lados do núcleo de Malpica: un desauga na área do porto pesqueiro e o outro na praia. Toda a unidade está bañada pola masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Unidade moi urbanizada na que os hábitats costeiros están bastante degradados. Fronte costeira con dominio do hábitat 1230 de acantilados atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. A praia non conta con espazo de dunas e o interior está moi transformado. Non hai bosquetes de recolonización de interese.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O núcleo urbano de Malpica ocupa a maior parte da unidade dende a liña de costa cara ao interior, paralelamente ás vías de comunicación. Ao redor da vila localízase un espazo aberto, cuberto de formacións vexetais costeiras, entre as que aparecen algunhas parcelas dedicadas ao monocultivo de especies forestais como o piñeiro e o eucalipto. A fronte litoral está formada por acantilados entre os que se sitúa a praia de Area Maior, integrada na paisaxe urbana da vila de Malpica. O espazo dedicado aos cultivos é moi pequeno, case residual, dado que a actividade pesqueira e o turismo constitúen o motor económico da zona.

#### MORFOLOXÍA

Malpica (considerado núcleo de identidade do litoral) responde a unha tipoloxía común a outros núcleos da costa, consistente no asentamento estratéxico sobre un istmo de unión entre un promontorio mariño (neste caso o Monte da Atalaia) e a fronte costeira. A dobre orientación do istmo dá lugar aos usos portuarios e de praia que se desenvolven a ambos os lados, adaptándose a morfoloxía urbana ás condicións topográficas. O núcleo orixinario, formado por casas baixas de fachada estreita, ve modificada a súa estrutura en favor dun crecemento lineal con edificios de varias alturas ao longo da AC-414, seguindo a fachada marítima da praia de Area Maior. O espazo agrícola que aínda se conserva está formado por un mosaico de pequenas parcelas situadas naqueles espazos onde a pendente posibilita os labores agrícolas. Mantense, polo tanto, a estrutura minifundista propia da Galicia litoral, onde os campos separados entre si por sebes articulan unha agricultura destinada ao autoconsumo.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dúas estradas articulan o espazo desta unidade. Por un lado, a AC-414 é a principal vía de entrada a Malpica e arredor dela se organiza todo o tecido urbano. Por outro, a CP-4305 une o litoral coas poboacións do interior como Beo ou Mens, ao tempo que enlaza coa CP-4307, que comunica Malpica e Ponteceso. Arredor destas estradas créase unha rede de camiños rurais que posibilitan a mobilidade por todo este espazo litoral. O porto de Malpica sitúase na marxe oriental do istmo onde se asinta a vila. Experimentou un forte crecemento nos últimos anos coa ampliación de diques e a creación de novos espazos para albergar a crecente actividade pesqueira que se dá no lugar.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A existencia de elementos artísticos de interese relacionados coa arquitectura civil reflíctese na presenza de fontes como a do Villar ou a chamada "Fonte Vella". Son tamén numerosas as casas cuxa planta, estrutura ou elementos ornamentais lle confiren unha singularidade digna de relevancia. Os elementos artísticos relixiosos están presentes nos cruceiros, repartidos pola zona urbana, sen esquecer a Igrexa parroquial ou o fermoso convento dos Vizcondes de Limia. Froito desta tradición católica xorden as festas e romaxes que se celebran durante o verán. A romaxe de Santo Adrián e as Festas do Mar coa súa procesión marítima son as máis importantes, sen esquecermos da festa gastronómica da Tilla.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A organización do espazo xira ao redor da vila de Malpica, xa que a presenza do núcleo urbano como motor económico da unidade implica necesariamente unha xerarquización dos usos do solo arredor del e do seu porto pesqueiro. As actividades pesqueiras e o litoral centralizan a base económica de Malpica, polo que a costa se mostra como un espazo construído no que as novas edificacións e as actividades turísticas incrementan a súa presenza. Pola súa banda, o parcelario agrícola circundante está ocupado por vexetación e o seu aproveitamento actual é mínimo, dado que a agricultura se abandona en favor das actividades económicas ligadas á pesca e ao turismo.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

As transformacións sufridas dende a década dos 50 do século XX tradúcense nun cambio na orientación económica na unidade. Dáse un abandono masivo das terras de labor circundantes a Malpica que pasan a cubrirse de vexetación natural ou, en menor medida, a ser ocupadas por monocultivos forestais. A morfoloxía urbana evoluciona horizontal e verticalmente. A vila mariñeira achégase máis ao mar e se incrementan as edificacións na liña de costa e sobre aqueles terreos baldíos paralelos ás estradas de entrada e saída do núcleo. Realízase unha aposta clara polo sector pesqueiro, que se traduce nun aumento das infraestruturas portuarias para mellorar as condicións da frota de baixura, que se asenta no istmo bergantiñán. Aumenta o tamaño dos espigóns de entrada e gaña terreo ao mar para crear novos puntos de amarre, naves para os aparellos e demais edificacións que modifican a morfoloxía costeira.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN****VALORACIÓN DA PAISAXE**

As calidades xeomorfolóxicas da península sobre a que se asenta este enclave convértena nun espazo de relevancia dentro da costa, o que contribúe a incrementar a calidade paisaxística da unidade. O seu extremo noroccidental está incluído dentro da Rede Natura 2000, dados os seus excepcionais condicionantes naturais, para cuxa observación propoñemos o miradoiro da Atalaia, situado no extremo norte do núcleo urbano. A Atalaia constitúe un referente ao tratarse dun fito paisaxístico a partir do que se pode divisar o conxunto da unidade e do Monte de Santo Adrián



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



